



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DE GALICIA DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVIO: 29/11/2010

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

TIPOLOXÍA: NEVE

- **ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.**

A axencia estatal de Metereoloxía (AEMET), a través da Delegación Territorial en Galicia, informa no boletín emitido as 09:35 hora oficial do día 29/11/2010 dun episodio de meteoroloxía adversa por neve de **nivel laranxa** que afectará a partir das 15:00 do día de hoxe 29/11/2010 o interior de Pontevedra, o centro de Lugo, na zona de **Valdeorras** e noroeste da provincia de Ourense con rexistros que poden superar os 5 cm en acumulación de neve e os 8cm no **sur da provincia de Ourense (nivel laranxa)**. A cota de neve en descenso a 300/500 m durante a madrugada.

Espéranse tamén, precipitacións en forma de neve con rexistros que poden superar os 3 cm no interior da provincia da Coruña, no sur de Lugo e na zona do Miño na provincia de Ourense (nivel amarelo) mentres que se superarán rexistros de 15 cm nas zonas montañosas de Ourense e de 10 cm. en Lugo (nivel amarelo).

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES EN PREVISIÓN DESTES FEITOS:

Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles

SE CHEGAN A DARSE AS PREDICIÓNS, PRODUCÍNDOSE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENCIA DEBERÁ INFORMAR A ESTE CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA.

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CAE 112: www.112galicia.org e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es